

ABRACADABRA

TRONOS, RAIOS E
LÓSTREGOS...

PASATEMPOS: CHISTES,
SOPA DE LETRAS, GRELLA...

RECEITA

EXPERIMENTO

GALERÍA

QUE HAI DE NOVO?



En serio?! Toda a semana? Non pode ser! Isto non hai quen o aguante! Pois si que empezamos ben o ano! Aínda que... se pechan os colexios... nin tan mal... O concepto de vacacións tormentosas adquiriría un novo significado... Ah! Ola! Cando chegastes? Non trouxestes chuvasqueiro?! Pois polo que estiven a mirar hai previsión de choivas, lóstregos e fortes ventos toda a semana. Vaia, o que vén sendo unha tormenta en condicións. Haberá que estar pendentes das noticias por se aconsellan quedar na casa e non ir ao colexio... Todas as precaucións son poucas...

Por certo, sabedes como se chama? Refírome á tormenta. A verdade, é que me parece curioso que lles poñan nomes de persoa, aínda que ben mirado ten sentido... Desde logo, resulta moito máis doado. Sabedes como empezou e como se escollen os nomes que se lles poñen ás tormentas? Estiven indagando un pouco. Cóntovos:

Os primeiros nomes puxéronse a furacáns moi devastadores e os nomes elixidos foron os que coincidían co santoral ou con algún acontecemento especial. Así, o furacán que padeceu Porto Rico o 26 de xullo de 1825 chamouse Santa Ana. Foi o primeiro furacán con nome propio. E si, podedes comprobar en calquera calendario que Santa Ana é o 26 de xullo.

Pola súa banda, o meteorólogo australiano Clement L. Wragge, a finais do século XIX, comezou a chamar os furacáns con nomes de mulleres, a pesar de que a tendencia da época era nomealos co ano en que sucedían seguido dunha letra, como o furacán 1948A, o primeiro dese ano, e algo máis tarde nomeábanse en función da latitude e a lonxitude na que sucedían.


Tamén, durante a Segunda Guerra Mundial, aos meteorólogos do exército estadounidense déuselles por chamar ás tormentas cos nomes das súas esposas ou noivas, e en 1953 pódese dicir que Estados Unidos converteu en oficial a práctica de nomear os furacáns con nomes de muller, xa que nese ano o NHC (Centro Nacional de Furacáns de Estados Unidos) elaborou unha listaxe de nomes oficial. A primeira tormenta bautizada con esta lista foi Alice. Non sería ata o 79 cando se incluíron os nomes masculinos, sendo Bob o primeiro. Isto, foi debido á feminista Roxcy Bolton e a outras activistas, que coa súa persuasión lograron que se alternase os nomes masculinos e femininos na listaxe utilizada.

Pero, existe unha única listaxe desde entón? Pois non. De feito, a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) xestiona 10 grupos. Cada grupo corresponde a unha zona ou rexión. E cada rexión ten as súas propias [listaxes de nomes](#). Así, a rexión do Atlántico Norte que é a zona na que está incluída España, conta con 6 listaxes de 21 nomes cada unha. Os nomes elixidos han de ser curtos e fáciles de lembrar, e seguen unha orde alfabética, quedando as letras Q, U, X, Y e Z excluídas, ao consideraren que non existen suficientes nomes que empecen por esas letras. Ademais, o número de tormentas ao ano non adoita exceder de 20, co que o número de nomes é suficiente. Aínda así, en 2005 e 2020, o número de tormentas foi maior. Cando isto sucede, recórrese ao alfabeto grego, sendo Zeta a última tormenta de 2005. Aínda que creo que desde o 17 de marzo de 2021 decidiuse utilizar unha listaxe complementaria de nomes, en lugar de recorrer ao alfabeto grego, cando se esgota a listaxe dos 21 nomes dese ano.

Ao cabo de 6 anos, repítese a primeira listaxe. Pero con algunha modificación. Xa que os nomes das tormentas máis destrutivas refíranse da listaxe un mínimo de 10 anos, e substitúese por outro nome que empece pola mesma letra. Así, por exemplo Katrina (2005) foi substituído por Katia.

Pero mamá!, non cres que é perigoso que vaia a polo pan con este tempo? Vale... xa vou... En fin, téñovos que deixar. Á miña nai as tormentas non a asustan nadiña. Abrigarvos ben.




Vémonos no vindeiro número!



SOPA DE LETRAS*

Seredes quen de atopar os 7 nomes agochados nesta sopa de letras, que están na listaxe de nomes das tormentas que teremos en 2022?

M	O	C	I	W	A	B	U	Q
E	D	A	Z	E	Ñ	O	V	U
I	R	F	U	P	I	X	A	G
P	A	L	I	S	A	T	K	E
A	H	I	H	O	O	U	Y	N
E	C	Z	U	B	N	I	L	U
C	I	N	I	T	R	A	M	A
A	R	A	B	O	I	N	E	T
U	S	L	A	Ñ	L	H	C	O
Q	I	U	P	R	U	G	U	Q
E	V	B	I	E	T	U	X	A



E, aquí vos deixamos unha receita moi saborosa para tomar os días fríos de inverno, acompañada dunha bebida ben quenteña.

Follado de chocolate con mel e noces

fácil • catro persoas • 1 hora + 30 minutos


Necesitas

- 1 microondas
- 1 recipiente apto para microondas
- 1 bandexa
- 1 culler

Ingredientes

- 8 volováns
- 8 obleas decorativas de Hello Kitty
- 8 noces
- 200 g de chocolate
- 200 g de manteiga
- Mel
- Aceite

1. Primeiro, funde o chocolate e a manteiga nun recipiente no microondas.
2. Logo, introduce os volováns no chocolate para que queden ben cubertos e escorre o chocolate sobrante.
3. Agora, colócaos nunha bandexa untada cun pouco de aceite para que non se peguen e déixaos nun sitio fresco para que se endureza o chocolate.
4. Despois, mete unha noz dentro dos volováns e cunha culler engade un pouco de mel.
5. Co chocolate que sobrou antes, pega as obleas de Hello Kitty aos volováns.



Esta saborosa receita pódela atopar no libro **CHOCOLATES : divertidos, fáciles, creativos. -- Lugo : Ouvirmos.** Disponible na biblioteca (641.5 COC / a)


EXPERIMENTO

FABRICA CHUVIA

El agua se evapora por la acción del calor del sol y el vapor de agua sube a la atmósfera. Al subir el aire se enfría y se produce la condensación (el paso de vapor a gotitas de agua) que dan lugar a las nubes y a la lluvia.


MATERIAIS

- Un recipiente mediano de plástico o vidrio
- Agua
- Film transparente de cocina
- Una canica grande (o una piedra o un objeto similar)



EXPERIMENTO

1. Toma un recipiente de plástico o vidrio, como los que se usan para guardar los alimentos en casa, y llénalo de agua hasta que cubra toda la superficie. Con un dedo de profundidad bastará.
2. Cubre el recipiente con film transparente de cocina de forma que quede bien tenso.
3. Coloca una canica o piedra en el centro del film.
4. Pon el experimento al sol y espera unas horas.




Cuando vuelvas verás que se han formado gotitas de agua en la parte inferior del plástico que cubre el recipiente. El vapor de agua que se ha evaporado ha entrado en contacto con la película de plástico transparente que, al estar en contacto con el aire, está más fría y se ha producido la formación de agua líquida.

* Si no quieres esperar tanto puedes utilizar agua caliente y verás los resultados en unos pocos minutos.

Este experimento fácil de hacer na casa, atoparalo no libro *Observando el tiempo: Las tormentas* / Agencia Estatal de Meteorología. Signatura 55 OBS / v

GALERÍA

E como non podía ser doutro xeito, aquí tedes unha mostra dos nosos talleres na biblioteca!!



QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Comeza o ano e continuamos con dous dos talleres de máis éxito: o "Taller de Robótica e Programación" para nenos/as de 9 a 12 anos e o taller de "Lego Wedo" de 7 e 8 anos. [Infórmate na Biblioteca.](#)

* **CELEBRACIÓN DO ENTROIDO.** na biblioteca cun Taller animado, para nenos/as de 7 a 12 anos.

* **SUXESTIÓNS.** Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista,... podes cubrir o impreso de DESIDERATAS e estudaremos a túa petición.

* Lembra que podeses facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* **ANÍMATE AO BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 cadros que che propoñemos e se o finalizas recibirás un agasallo e poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaa na [Sección Infantil Xuvenil](#) ou envíaas ao noso correo [biblioteca.infantiljuvenil@dacoruna.gal](mailto:infantiljuvenil@dacoruna.gal) e publicarámolas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

Síguenos en



www.dacoruna.gal/biblioteca

SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS

	D							
	R	F		P				
	A	L	I	S	A	T		
	H			O	O	U		
	C			B	N	I	L	
	I	N	I	T	R	A	M	A
	R	A				N		
	S							

Fiona, Ian, Lisa, Martin, Paula, Richard, Tobias.

GRELLA

Cada cual siente frío como anda vestido

C	a	d	a		c	u	a	l		s	i
e	n	t	e		f	r	i	o		c	o
m	o		a	n	d	a		v	e	s	t
i	d	o									

